



# FERROL. HORIZONTE POR DESCUBRIR



## 1.- UN PASEO POR FERROL. ANACOS DA NOSA HISTORIA



## CUARTEL DE INSTRUCCIÓN



Cuartel de Instrucción (Arsenal)

Pegado Á Cortina atópase o bonito edificio neoclásico da antiga Sala de Armas do Arsenal onde se gardaba a artillería dos buques da Real Armada. Despois, durante o século XX, albergou o **Cuartel de Instrucción** da Mariñeiría y agora funciona como Aloxamento Loxístico de Mariñeiría para o persoal destinado en Ferrol.

## GÁRGOLAS DO CUARTEL DE INSTRUCCIÓN



**Busca as gárgolas no cuartel de instrucción.**

**A que personaxe de debuxos animados che recordan?**

**Ademais da estética que outra función cres que teñen estas gárgolas?**

## FONTE DA FAMA

A FONTE DA FAMA Un detalle tan pequeno e á vez grande se te colocas ao seu lado.

Colocada no actual Ferrol Vello, na porta do arsenal, atopase hoxe en día unha preciosa fonte, que se inaugurou no ano 1786, esta fonte que tiña catro canos por onde saía a auga e vertíase no piñón que rodeaba pola parte de abaixo da fonte. A fonte tiña unha base cadrada de pedra de onde saían os catro caños, enriba desta base había unha pirámide cuadrangular cun escudo en cada unha das súas caras, estes escudos de armas que facían referencia a Ferrol, Galicia, a España e a Armada.




Pero no século XIX colocase enriba da pirámide unha “Fama” e por iso se deixa de chamar fonte do dique e se chama “Fonte da Fama” Porqué este nome?



Nela representase na figura feminina dunha doncela con alas sobre as nubes no alto dos ceos tocando unha trompeta. Representa a voz publica, na iconografía da arte, é habitual vela portar dúas trompetas, representando a verdade e a mentira, pois a voz publica proclama tanto unha coma a outra.



## FONTE DA FAMA



Identifica os escudos e fotografía aqueles que falten

Como se chamaba antigamente esta fonte?


Tira unha foto da fonte completa. Logo indica as diferenzas que atopas coas fotos antigas.

## IGREXA DE SAN FRANCISCO

Busca o maior número de formas xeométricas na fachada.



## MONUMENTO A CHURRUCA NOS XARDÍNS DE HERRERA



¿ Que utilidade tiña antigamente este monumento?

¿ Cal era a súa localización orixinal?



**Cosme Damián Churruca y Elorza** (Motrico, 27 de setembro de 1761 - batalla de Trafalgar, 21 de outubro de 1805) foi un científico, mariño e militar español, brigadier da Real Armada e alcalde de Motrico.

Distinguiuse na batalla de Trafalgar ao mando do navío de liña *San Juan Nepomuceno*, a bordo do cal atopou a morte.

¿Quen era churruca?



**San Juan Nepomuceno 70 canóns**  
**Ano de botadura 1766**  
**Asteleiro: Guarnizo**  
**Anos de servizo 1767-1850**  
**Capturado polos ingleses na batalla de Trafalgar.**

¿Cantos anos estivo en servizo o barco no que morreu Churruca?

## CHALET DE ANTÓN

¿QUE FIGURA XEOMÉTRICA É  
O TELLADO?



FÍXATE NA GALERÍA ¿QUE  
FIGURA XEOMÉTRICA É?

Fala co teu compañeir@ e anota todos os detalles que che  
chamen a atención deste edificio.

---

---



## CASA DO CONCELLO (FERROL)



¿En que praza está a casa do concello?

¿Que data aparece escrita debaixo do frontón?



## FONTE DE SAN ROQUE



Nesta fonte atopamos un escudo, ¿A que concello pertence?

Compara cos escudos que se empregan na actualidade?





## ANTIGO GOBERNO MILITAR



Que utilidade ten actualmente este edificio?

Encontras algunha diferenza entre este edificio e os que están nos arredores?